

FITTING THE PATTERN
or being a dressmaker daughter
by Christine Wilks

Tradución ao galego de Estíbaliz Espinosa, 2012

AXUSTARSE AO PATRÓN
ou ser filla de costureira

Unha memoria en retallos...
con bordados.

O patrón está calculado para unha altura de 168 cms. A filla da costureira é máis baixa, así que o patrón debería axustarse para encaixar na súa altura.

Instrucións:

memorias doadas-de-coser
só cómpren catro pasos
escolle un utensilio de costura para comezar
comproba o teu avance no plano do patrón

pick another tool: colle outro utensilio

TESOIRAS {1}

as roupas feitas na casa non veñen con instrucións de lavado
a miña vida de adulta vai enlaxada de desastres na coada
prendas feitas con cariñoso amor
e tal atención ao detalle
arruinadas por culpa da miña negligencia
con cada perda parecíame
que a estaba defraudando

a figura na curva dos patróns
suponse que teño eu esa forma?

a miúdo cóntanos que cando casou
tiña unha cintura de 20 polgadas

MÁQUINA DE COSER {1}

orgullosas das nosas roupas
orgullosas de levar posta a artesanía de mamá
e así mostrar a súa destreza

para enchouparnos de afagos no seu nome
e nos bañar na súa gloria reflectida

mandábannos a misa os domingos
soas miña irmá e máis eu
sen os pais
un par de nenas con vestidos preciosos
emisarias da Casa de Moyra

eramos a súa credencial
publicidade viandante da súa mestría

ALFINETES {1}

ela prefería presupór que a nosa era a talla 10...
ben podería ternos medido
para asegurarse unha feitura perfecta
pero por algunha razón nunca o fíxo
as tallas subían a modo...12...14...
pero durante anos
aturamos o van cinguidísimo
corchetes e botóns a rebentar
as curvas ben marcadas

ela ensinaba costura
mais como o de coser na casa volvía menos frecuente
as súas clases da tarde foron a menos
así que aos 16 apunteime para arredondar as contas
malia que nunca quixera seguir o patrón

DESCOSEDOR {1}

teas de calidade, estilos de deseño, roupas únicas...

por riba do nivel dunha adolescente dun barrio obreiro
iso fíxome sobresaír
un albo

“Aló vai a puta creída esa nunha chupa de pel,
a por ela!”

houben aprender a aguantar o tipo

tan pouco feminina, tan distinta de mamá

TESOIRAS {2}

a miña irmá é escultora, a miña nai, modista
cando lle contei o que estudara, a avogada exclamou
«Vaia, sodes unha familia preparada!»
pero a impresión que tirabas do seu ton de voz
entusiasta e un chisco condescendente
era que a posición dende a que falaba
estaba por riba

A miña nai, apalpando prendas da tenda
adoitaba examinar o seu corte, a confección
cun meneo de cabeza
cómo resolveron a manga ou o forro, o peto ou o pescozo
Iso é trampa, atallar
non vai feito de lei
iso é a roupa de fábrica para ti

MÁQUINA DE COSER {2}

di que a lapis non che sabe debuxar
debuxa coa agulla da máquina de coser

señora da máquina
xa non atada ás clases
unha vez xubilada, dáselles polo bordado

pero o de seguir un patrón
é ben máis doado que a costura inventada
ela volve aos vestidos en tempos de estrés
é reconfortante
a seguridade de seguir o sentido do fío

ALFINETES {2}

Sempre coa impresión de era eu quen debería axustarme á roupa
máis do que a roupa axustarse a min
o que é de certo unha ironía
xa que unha das vantaxes
do feito-na-casa sobre o mercado-na-tenda
é que se supón que ha ser quen
de sentar á perfección

ás veces un alfinete perdido
esquecido na prenda
só se descubre cando se pón
...ai!

DESCOSEDOR {2}

a filla modelo, esfiañando as costuras
aparece cun elegante adobío feito a medias a medida
ou cun traxe de chaqueta

fumando como un carreteiro, acaneando, bébeda como unha cuba

ela ficaría horrorizada... non...
estupefacta, se me tivese visto

Como puido unha filla dela acabar así?

pero viviamos en cidades afastadas
ela nunca me viu por aí de carallada... dando vergoña

TESOIRAS {3}

onte por teléfono
díxome que cortara unha saia
para o verán e que o pasara en grande
soaba como a alivio
volver á costura de novo
seguir o impulso da súa habilidade
para a confección

o bordado creativo esixe moito
ela xa ten obrigas abondo na vida
agora co Alzheimer do meu pai

iso non se axusta ben,
podemos cambialo?

MÁQUINA DE COSER {3}

é asombroso cómo un patrón
de roupa informal transforma nun traxe formal
baixo o meigallo ou o mal de ollo
da agulla da súa máquina
coma se lles botase un esconxuro ás prendas

facendo que tornen...
elegantes non é a palabra... estilasas?
ela anda á procura diso
estilo= estrutura

teas da mellor calidade
o mellor acabado
e a estrutura feminina
acaba por ter un aquel elegante

ALFINETES {3}

no meu ano preparatorio na escola de arte
fixen esculturas téxtiles
tecendo e calcetando cordas
algunhas do grosor dos meus pulsos
rachando as regras todas, pensaba
que diferente da miña nai, axustadiña ao seu patrón

anos despois, cando ela xubila
é coma un reflexo de min mesma daquela
o seu entusiasmo, rachando coas regras
mentres experimenta cos seus bordados

DESCOSEDOR {3}

colle por aquí... afrouxa por alá...
desganduxando na proba
a culpa é miña e non do axuste

ganduxando culpas con ela tamén

fíos trenzados no meu tecido... e no dela

descosendo a súa influencia
que a zurzan!

o noso acabado era o principal para ela
máis aínda que como acabábamos?

TESOIRAS {4}

lavar con coidado
levar con orgullo
feito con amor

difícil desfacerse
de prendas tales
mesmo cando
quedan pequenas
rózanse
pasan de moda

logo de tanto traballo
confeccionando algo especialmente para min
vaia culpa se non me prestaba tanto
como debería ou se non me acaía ben
parecíame que cumpría que eu fose esvelta

que non debería ter formas indebidas

MAQUINA DE COSER {4}

arestora rara vez lle pido que me cosa roupa
en parte porque ela agora dedícase a bordar
mais tamén porque a moda e o estilo de vida
converteron en algo informal de máis para lle facer xustiza
ao talento fiandeiro da miña nai

conforme pasaban os anos, a miúdo
sentínme recargada coa súa roupa
pocas ocasións había de levala, abofé

nos traxes seus non encaixaba
chamaba a atención, ía rechamante
parecíame aldraxar o seu traballo
un desdén ao seu amor

ALFINETES {4}

estrañas
raras ideas...
as chilindradas
que fan que a prenda resulte
botóns, cremalleiras, corchetes e broches
ideas
a interfaz de usuario da prenda
o equivalente á interfaz gráfica de usuario
que dixitalmente creo eu aquí
os meus botóns, cremalleiras, corchetes e broches

nai costureira
filla cineasta
costucineira
cinecosturasta
cinefillasta
costunaireira
costufilleira
cinaineasta...

DESCOSEDOR {4}

non quixen seguir os pasos da miña nai
e logo da escola de arte lanceime a facer cine

e unha noite soñei que enfiaba
unha máquina de coser cunha película virxe de 16mm

a plena luz do día

no soño levábame un tempo decatarme
de que ao proceder así velaba a película
volvíaa inútil
baleira

non, non seguín os seus pasos
mais dalgún xeito os pasos de ambas superpúñanse

lista de palabras da secuencia final antes dos créditos de *Axustarse ao patrón*

costunaireira
cinefillasta
película
dixital
análoga
axustarse ao patrón
interface
forro
fábrica
fío
encaixar
roupa de diario
dentro
fóra
frouxo
apertado
cego
puntada
alivio
puntada
alivio
puntalabios
ganduxo
pés
punte
recoller
reforzar
costura
dardo
anozcoada
broche
ourelo
morea
cortar
alfinete
coser
descoser
chatola
fabricante

nai
filla
tesoirada
guión
corte
copia
empalme
editar
escritora
dereita
equivocada
lado
deseñar
recoller
costura
subsidio
nocións
ideas
fabricante
botón
usuario
interface
buraco
culpas
código
arriba
enfocar
máquina
cremalleira
fotogramas por segundo
gráfico